

Historia Teatral de Gonzalo Rodríguez Calvo, feito a voa tecla, sen papeis para poder confirmar os datos::



Rodríguez Calvo, Gonzalo Manuel Tomás (Ferreira de S. Sadurniño-Ferrol, 1950). Actor co C.D. TOXOS E FROLES: *Mal de moitos*, de Charlón e Hermida, e *Poemas galegos*, de v.a.; CO G.T. ARESTORA: *Os heredeiros*, de A. Xil (1976); CO T.C. DE PERLIO: *Unha vez houbo un mundo novo*, de C. Ledo

(1977); CO G.T. TAGALLO: *Farsa de Bululu*, de Manuel María (1979). Investigador e estudoso do t.g. En Rádio Municipal de Fene realiza o programa *Isto é teatro*.

- 1975.- Proba o veneno do teatro no intento de recuperación do Grupo de Declamación do Real Coro Toxos e Froles onde chegan a facer a obra “Mal de Moitos” de Charlón e Hermida.
- 1976.- Independízanse do Toxos e crean o Gº. de Tº. “Arastora” cedéndolles un local de ensaio a Sociedade Recreativa e Deportiva “Inferniño”.
- 1977.- Participa na creación do Grupo G.A.L.O. (Grupo Autónomo Leitura de Obras)co obxectivo de elaborar FICHAS das obras de teatro existentes, para o seu espallamento a persoas, Grupos de Teatro e Agrupacións Culturais que o requiran.
- 1978.- Participa na creación da Asamblea de Grupos de Teatro da Bisbarra Ferrolán.
- 1979.- Intégrase no Gº. de Tº. do Círculo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío, participando na obra “Unha vez houbo un mundo novo”. Posteriormente, no ano 1980 pasaría a chamarse Gº. de Tº. “Tagallo” co que monta a obra de Manoel María “A farsa de Bululú”.
- 1982.- Entra a formar parte da Directiva do Ateneo Ferrolán, encargándose da Vocalía de Teatro. Durante o seu mandato créase o ciclo “Xoves Teatrais” para o cal, sendo concellal Eduardo Frá Molinero, consegue que participe o Concello de Ferrol, cedéndolle a Capela do Santo Hospital de Caridad que ata ese momento estaba sin utilizar. Para a celebración das representacións na Capela foi necesario o seu acondicionamento, pois estaba abandonado, en cuios traballos participaron distintos membros da Directiva do Ateneo como Francisco Oti que posteriormente chegaría a ser o Xefe de Producción do CDG e incluso o propio Eduardo Frá fixo de carpinteiro,clavando moitas táboas para facer o escenario e os camerinos.
- 1984.- Coordina o I ENCONTRO DE TEATRO PROFESIONAL GALEGO, auténtico Congreso do Teatro Galego, aínda que non se denominase así, e que segue a ser un referente dentro da profesión teatral.
- Formou parte do 1º Consello Rector do CDG dirixido por Eduardo Alonso.
 - Entre Outubro de 1984 e Outubro de 1985, crea e codirixe, xunto con Xoana Balado, o programa de radio “Isto é Teatro” na emisora “Radio Fene”.
- 1985.- Forma parte do Equipo Organizador da Mostra de Teatro Infantil “Xeración Nós” da Mancomunidade de Municipios de Ferrolterra.
- 1991.- Coordina a 2ª Feira de Teatro de Galicia.
- 2000.- Entra a formar parte, como Vogal de Teatro, do Padroado Municipal da Música e as Artes Escénicas do Concello de Ferrol.
- Participa na creación do Ciclo de Teatro “Domingos a Escena” do Concello de Ferrol, no Centro Cívico de Caranza.
- 2002.- Funda con outros profesionais do teatro e é elexido Secretario da Asociación de Espectadores “Asociación de [Amig@s](#) do Teatro Jofre”.
- 2006.- Volta á Vogalía de Teatro do Padroado Municipal da Música e as Artes Escénicas.
- 2008.- Entra a formar parte do Consello de Redacción da RGT (Revista Galega de Teatro) onde continúa, na actualidade, como membro do Consello Editorial.

Como se pode ver, a partir do ano 1975, ano do envenenamento, sempre estivo pelexando pola Normalización do Teatro en Galicia e nesas segue.